

## Referencia do Consello de Ministros

xoves, 14 de agosto de 2008

### Administracións Públicas

- ACORDO polo que se aproban medidas a curto prazo para reducir cargas administrativas.

#### **REDUCIDAS AS CARGAS ADMINISTRATIVAS EN SETENTA PROCEDIMENTOS PARA IMPULSAR A ACTIVIDADE ECONÓMICA**

- Corresponden a seis Ministerios e constitúen o segundo paquete de medidas adoptado polo Executivo no marco do Plan de Redución de Cargas Administrativas e Mellora da Regulación.
- O acordo persegue aumentar a produtividade e a competitividade das empresas españolas.

O Consello de Ministros aprobou un Acordo para reducir as cargas administrativas en setenta procedementos co fin de contribuír a incrementar a competitividade e a produtividade das empresas españolas.

Coa aprobación destas medidas o Goberno prosegue a aplicación e desenvolvemento do Plan de Redución de Cargas Administrativas e de Mellora da Regulación, acordado polo Consello de Ministros o pasado 20 de xuño.

O Plan persegue reducir nun 30 por 100 no horizonte de 2012 as cargas derivadas da normativa vixente que afectan as empresas, especialmente as PEMES, superando o 25 por 100 fixado pola Unión Europea. Así mesmo, busca minimizar as cargas administrativas sobre as empresas na nova normativa que se aprobe a partir do 1 de xaneiro de 2009.

O Goberno, no marco deste Plan, aprobou as primeiras medidas para reducir as cargas administrativas en once procedementos na reunión do Consello de Ministros do pasado 27 de xuño.

## **Setenta novas medidas de seis ministerios**

As setenta novas medidas acordadas hoxe polo Consello de Ministros corresponden aos departamentos de Economía e Facenda (36), Interior (6), Industria, Turismo e Comercio (17), Traballo e Inmigración (2), Sanidade e Consumo (2) e Ciencia e Innovación (7). Estas novas iniciativas servirán para reducir a curto prazo as cargas administrativas que afectan a actividade empresarial. Ademais, algunhas destas medidas van facilitar significativamente a realización de varios trámites administrativos aos cidadáns.

Estas medidas, algunhas das cales serán xa efectivas este mesmo ano, inclúen a supresión dalgúns procedementos, o establecemento de canles telemáticas, a redución de prazos e a unificación dalgúns rexistros, entre outras iniciativas. (Todas as medidas para reducir as cargas nos setenta procedementos se inclúen no anexo.)

Entre as medidas aprobadas hoxe cabe destacar, entre outras:

- a posibilidade de designar un domicilio electrónico diferente do fiscal para os efectos de notificacións en materia tributaria, mesmo para os procedementos de oficio,
- a ampliación dos procedementos e trámites relacionados con la Agencia Tributaria que poden resolverse con cita previa concertada,
- a opción de presentar por vía electrónica as consultas dirixidas á Dirección Xeral de Tributos,
- a posibilidade de realizar a transferencia de vehículos por vía telemática a través de centros xestores,
- a facultade de que os Centros de Recoñecemento de Condutores remitan telematicamente á Dirección Xeral de Tráfico a certificación médica esixida aos condutores para que poidan obter ou renovar no acto o seu permiso de conducir,
- a opción de realizar o pagamento de sancións de tráfico a través de Internet, teléfono móbil e teléfono fixo,
- a notificación telemática da obriga do pagamento e liquidación automática da taxa de telecomunicacións,

- a mellora do acceso electrónico da Tesouraría Xeral da Seguridade Social aos rexistros e bases de datos de organismos públicos para a verificación da identidade e o cumprimento dos requisitos para a inscrición de empresas co obxectivo de non pedirilles documentos que xa obran en poder doutros Departamentos da Administración.

### **Seguimento do impacto económico do plan**

O Consello de Ministros tamén aprobou encargar ao Ministerio de Administracións Públicas, en colaboración co resto de Departamentos competentes por razón da materia, a medición do impacto económico que sobre as empresas producirá a redución das cargas, aplicando a metodoloxía do Modelo de Custos Estándar (SMC).

Neste sentido, decidiuse designar os Subsecretarios de cada Ministerio como puntos de contacto, para os efectos de coordinación e seguimento das medidas adoptadas e da aplicación do Modelo de Custos Estándar.

Ademais, o Ministerio de Administracións Públicas, en colaboración co resto de Departamentos implicados, elaborará un informe semestral de todas as medidas adoptadas no marco deste Plan e do seu impacto económico, que será presentado ao Consello de Ministros.

## **CARGAS ADMINISTRATIVAS REDUCIDAS OU ELIMINADAS**

### **MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA**

#### **AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA:**

(...)

**5. Establecemento de contactos directos cos Consellos de Administración das grandes empresas e creación dun foro de empresas para debater os temas que máis poidan interesar a este tipo de contribuíntes. Xuño de 2009.**

Estes contactos cos grandes contribuíntes poderían realizarse para estudar, por exemplo, a redución das cargas administrativas asociadas ao cumprimento dos requirimentos de información.